

## Acta de la sesión de trabajo para dar respuesta a las alegaciones recibidas por la comisión evaluadora correspondiente al área de ciencias de la Salud.

A las 19:00 h del día 14 de marzo de 2023 reunidos mediante la aplicación MS Teams los miembros de la comisión evaluadora correspondiente al área de Ciencias de la Salud, para responder a las alegaciones recibidas respecto de la propuesta provisional de concesión de Premio Extraordinario de Doctorado curso 2020-21, como preámbulo para todas las alegaciones recibidas deseamos hacer constar que:

PRIMERO. La comisión ha aplicado los criterios de valoración (Anexo II) que son públicos y establecen las puntuaciones que se deben otorgar para las diferentes categorías de méritos, así como la forma en que éstos deben ser documentados para que puedan ser tenidos en cuenta.

SEGUNDO. Para aquellas puntuaciones que en los criterios pueden fluctuar en un rango, en su reunión de constitución el día 10 de enero de 2023, la comisión definió la categorización que estimó oportuna en su mejor juicio y opinión, puesto que tiene la potestad de hacerlo, para establecer una escala de puntaje que permitiera valorar diferentes situaciones para los méritos afectados.

TERCERO. Tanto los criterios como las mencionadas escalas que en su caso se dio en establecer, fueron aplicadas de igual forma a todos los solicitantes.

CUARTO. La comisión solo valora los méritos aportados por cada solicitante, en las categorías en que fueron incluidos, y con las certificaciones documentales que respondan a lo especificado en los criterios (Anexo II). En ningún caso puede tener en cuenta intencionalidades o juicios de valor de los candidatos acerca de los méritos presentados.

QUINTO. En este trámite de alegaciones no se pueden presentar nuevos méritos ni trasladar méritos a otros apartados, aunque sí se permite aportar documentación justificativa adicional.

SEXTO. Tras revisar las puntuaciones para diferentes méritos que se solicitan en las alegaciones recibidas, la comisión resuelve **aceptar** las formuladas a continuación y con el resultado que se especifica, desestimando por tanto todas las demás:

- De D<sup>a</sup> Ana Mallo Abreu, revisión de la puntuación de los méritos de producción científica para:
  - D<sup>a</sup> Saskia Camille Flament Simon, M2 que pasa a recibir 11,25 puntos.
  - D<sup>a</sup> Andrea Luaces Rodríguez, M4 que pasa a recibir 11,25 puntos.
- De D<sup>a</sup> Abi Judit Vázquez Ríos para ella misma, la revisión del mérito de producción científica M4, que pasa a recibir 20 puntos.
- De D<sup>a</sup> Celina Vila Sanjurjo para ella misma, la revisión de sus méritos de movilidad, que pasa a recibir 10 puntos.

Las respuestas detalladas para cada alegación figuran en el portfolio anexo a esta acta.

## Acta de la sesión de trabajo para dar respuesta a las alegaciones recibidas por la comisión evaluadora correspondiente al área de ciencias de la Salud.

SÉPTIMO. Elaborar la nueva propuesta de concesión que figura en la tabla, en la que solo cambia la puntuación final de algunas de las candidatas:

	Apellidos	Nome	Puntuación ponderada	Pf PC	Total OMI	FINAL
1	Domínguez Vivero	Clara	20,00	47,50	20,00	87,50
2	Fernández Martín	Silvia	20,00	50,00	17,00	87,00
3	Vila Sanjurjo	Celina	20,00	44,00	10,00	84,00
4	Lestido Cardama	Antía	20,00	46,67	16,00	82,67
5	FLAMENT SIMON	SASKIA CAMILLE	20,00	50,00	14,00	81,50
6	Mallah	Narmeen	20,00	50,00	11,50	81,50
7	López López	Andrea	20,00	49,33	10,00	79,33
8	López Iglesias	Clara	18,67	44,00	15,00	77,67
9	Luaces Rodríguez	Andrea	20,00	43,50	14,00	75,00
10	Matanza Fente	Xosé Manuel	20,00	40,00	15,00	75,00
11	Olivera Fernández	Ana	20,00	27,00	28,00	75,00

Siendo las 19:55 h se da por rematada la sesión, de lo que doy fe como secretaria.

Vºbº

POSE REINO  
ANTONIO  
DOMINGO -  
33225595W

Firmado digitalmente por  
POSE REINO  
ANTONIO DOMINGO  
- 33225595W  
Fecha: 2023.03.21  
19:22:53 +01'00'

El presidente

FERNANDEZ  
DE TROCONIZ  
REVUELTA  
PATRICIA -  
00692200S

Firmado digitalmente  
por FERNANDEZ DE  
TROCONIZ REVUELTA  
PATRICIA - 00692200S  
Fecha: 2023.03.21  
20:21:49 +01'00'

la secretaria

## RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISORIAS DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO 2020/21

O contido do presente portfolio recolle de forma individualizada as respostas ás alegacións recibidas pola Comisión de Ciencias da Saúde, respecto das valoracións realizadas dos méritos aportados polos candidatos á convocatoria 2020-21 dos premios extraordinarios de doutoramento.

En proba do cal, asinamos a presente declaración.

Firmado digitalmente por  
POSE REINO ANTONIO DOMINGO -  
33225595W  
Fecha: 2023.03.21  
19:24:41 +01'00'

Antonio Pose Reino

Presidente

Firmado digitalmente  
por FERNANDEZ DE  
TROCONIZ REVUELTA  
PATRICIA - 00692200S  
Fecha: 2023.03.21  
20:20:40 +01'00'

Patricia Fdz. de Trocóniz Revuelta

Secretaria

## RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISORIAS DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO 2020/21

Alegacións presentadas por D<sup>a</sup> Ruth Barral Arca

- *Me dirijo a ustedes para presentar una reclamación en relación a la calificación que recibí en mi tesis.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, a tese será valorada cunha puntuación máxima de 20 puntos, e a puntuación obterase a partir da valoración recollida a tal efecto nos informes confidenciais emitidos polos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado faise por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 4.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que a valoración da tese ven dada.

---

- *Me sorprendió y me resultó muy frustrante ver que recibí una puntuación de cero en la categoría de innovación, ya que mi tesis resultó en una patente internacional.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, no apartado 3.d. Outros méritos relacionados coa tese de doutoramento / Grao de innovación da tese, esta innovación poderá valorarse nos seguintes supostos:

- i. Se a tese se desenvolveu no marco dun contrato de transferencia cunha empresa ou dun convenio cunha institución non académica, e que non conduce á obtención dun doutoramento industrial: Ata 5 puntos.
- ii. Se a tese deu lugar á creación dunha empresa de base tecnolóxica: Ata 15 puntos.
- iii. Se a tese incorpora aspectos teórico-metodolóxicos que supoñan unha innovación na área de coñecemento e previo informe razoado do/a doutorando/a ratificado pola Comisión Académica do programa de doutoramento (ata 5 puntos).
- iv. Outros: Ata 10 puntos.

Isto sempre que o mérito fora presentado no dito apartado 3.d.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que neste “Trámite de Alegacións” ningunha alegación pode incluír a presentación de novos méritos ou o traslado dun mérito a outro apartado, e vostede non solicitou a valoración expresa do mérito de innovación no apartado 3.

---

- Además, he recibido un cero en produccion científica (columna m5), lo cual también considero incorrecto.... Solicito una revisión y una evaluación más rigurosa y justa de mi tesis , mi patente y de TODOS los artículos científicos que se incluyen en ella.

As 4 publicacións achegadas como méritos 1 a 4 recibiron a máxima cualificación de 15 puntos. Con respecto á quinta achega (M5) que corresponde á patente, tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, no apartado 2.d. Patentes e rexistros de programas. No caso das patentes, valorarase se están en explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza. De non ser o caso, só se valorarán se a concesión se levou a cabo con exame previo (tipo B2).

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que a súa patente non se valorou por non estar en explotación ou en situación de concesión B2. A patente referida esta en situación A1 (US20220267865A1).

## RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISORIAS DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO 2020/21

Alegacións presentadas por D. Adrián Cordido Eijo

- 1. “No Mérito 4 presento un Artigo publicado no *Journal of the American Society of Nephrology (JASN)* como primeiro autor cunha puntuación acadada de 11.25. JASN é a revista de nefroloxía máis prestixiosa do mundo xunto con *Kidney International*, persoalmente chámame a atención que este mérito non acadase a máxima puntuación sendo unha revista D1 de alto prestixio (métricas anexadas). No resto de artigos científicos presentados como primeiro autor acadei unha puntuación de 15 puntos. A dita investigación é un extenso estudo que usa desde mostras humanas ata modelos animais na que o proceso de revisión durou case un ano completo e ata 3 rondas de revisións no que o candidato realizou máis do 90% do traballo experimental e de redacción do artigo e das revisións solicitadas. Solicito encarecidamente, e se é posíbel, que isto se emende.”

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, “ás puntuacións individuais dos apartados 2.a, 2b, 2c e 2d, se lles poderá aplicar un factor de corrección segundo o número de autores total da contribución e a aportación concreta do/a doutorando/a:

< 11 autores: 1.00

de 11 a 20 autores: 0.75

de 21 a 40 autores: 0.5

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que no M4 hai máis de 11 autores polo que ao aplicar o factor de corrección, a puntuación inicialmente obtida de 15 puntos (artigo no T1), vese diminuída do seguinte xeito:  $15 (T1) \times 0,75$  (de 11-20 autores) = 11,25 puntos.

---

2. “No Mérito 5 presento un Rexistro de Software no que acado 3 puntos. Gustaríame, se é posíbel e non incumpre ningunha normativa da presente convocatoria, mudar este Mérito de Producción Científica a Outros méritos Produtos de rexistro de propiedade intelectual. Coido que pode ser máis acaído polo tipo de mérito así coma, sinceramente, poder acadar unha puntuación máis alta con esta emenda.”

*Fundamento da valoración da comisión.*

No “Trámite de Alegacións” ningunha alegación pode incluír a presentación de novos méritos ou o traslado dun mérito a outro apartado.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que o mérito 5 de Producción Científica non pode ser trasladado ao apartado de Outros Méritos “Produtos con rexistro de propiedade intelectual”.

---

3. *“No caso de que o punto 2 non poida ser viábel, solicito encarecidamente que se revise a puntuación do Mérito 5 (de 3 puntos). O software presentado é o resultado de 3 anos de investigación en colaboración con informáticos do CiTIUS o cal tivo moi boa acollida dentro do eido e está sendo utilizado pola comunidade xa que resolve un gap na investigación da PKD.”*

*Fundamento da valoración da comisión.*

O mérito 5 é un rexistro de software. Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, no apartado 2.2 se establece o seguinte: “No caso dos rexistros de software, se están en explotación se lles outorgarán 15 puntos; para os que non estean en explotación, 3 puntos.”

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que o documento presentado como xustificación é unha cesión entre as institucións que xa tiñan parte dos dereitos do rexistro, pero non constitúe un xustificante da explotación do mesmo, polo que a puntuación correcta neste apartado é de 3 puntos.

---

4. *“Gustaríame facer un apuntamento. Presentei o Rexistro de software como Mérito de produción científica pensando en que podería acadar maior puntuación que ao presentalo na sección de Outros méritos. Para ser honesto dubidei ata o último momento xa que miña intención inicial era presentar un artigo que se aceptou 3 semanas despois da lectura da tese de doutoramento. Tamén dubidei en preguntar se este mérito tiña cabida na convocatoria xa que ao aceptarse despois da lectura asumín que non. Mais acho que a EDIUS non pode orientar a ningún candidato neste senso xa que podería ser unha discriminación positiva cara min.*

*O dito artigo foi publicado no International Journal of Molecular Sciences co título Molecular Pathophysiology of Autosomal Recessive Polycystic Kidney Disease (PMID: 34204582). O artigo é unha revisión bibliográfica con relación directa co eido da tese de doutoramento desenvolvida, a enfermidade poliquística renal. Neste artigo elabórase unha revisión bibliográfica sobre a ARPKD na que candidato é o principal autor e dito traballo axudou á elaboración da introdución e discusión da tese. Dita publicación, acorde ao JCR (Journal Citation Reports) no ano 2022 conta cun Impact Factor de 6.208 e un rango e "Biochemistry & Molecular Biology" de 69/297 (Percentil 76.94%, Q1). Ademais ten 8 citacións en Google Scholar e Scopus.*

*Son consciente que por indicación expresa da convocatoria, ao non engadir este artigo na solicitude inicial non se terá en consideración mais vexo oportuno explicar isto e que se teña en conta ao valorar o overall da miña proposta para a consecución do premio extraordinario. Do mesmo xeito subirei un anexo co artigo en cuestión por si o tribunal ve oportuno valorar isto.”*

*Fundamento da valoración da comisión.*

No “Trámite de Alegacións” ningunha alegación pode incluír a presentación de novos méritos ou o traslado dun mérito a outro apartado.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que non é posible alegar outros méritos fora do período aberto a tal efecto. Os méritos que non fosen presentados no seu día non poden ter ningún tipo de influencia na decisión da comisión.

---

5. “Por último, na sección de Outro Méritos Premios presento dous premios nos que asumo que ambos acadaron 2 puntos. Gustaríame emendar o premio acadado na Sociedade Española de Nefrología (SEN). Este mérito fai constar o premio á mellor comunicación oral en bioloxía molecular e xenética do congreso máis prestixioso en ámbito español de nefroloxía. Solicito encarecidamente, e se é posíbel, que isto se revise.”

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, no apartado 3.f. Premios concedidos por entidades de recoñecido prestixio: Os premios Internacionais valoraranse ata 15 puntos e os premios nacionais valoraranse ata 10 puntos. En referencia á dita valoración, a comisión, na reunión mantida o pasado 10 de xaneiro de 2023 estableceu neste apartado a seguinte diferenciación:

- Premios internacionais (ata 15 puntos): 3 puntos (primeiro premio) ou 2 puntos (calquera outra categoría inferior).
- Premios nacionais (ata 10 puntos): 2 puntos (primeiro premio) ou 1 punto (calquera outra categoría inferior).”

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que ao tratarse de 2 primeiros premios nacionais, os méritos presentados polo solicitante acadan a puntuación de  $2 \times 2 = 4$  puntos, polo que non procede ningunha corrección.

## RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISORIAS DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO 2020/21

Alegacións presentadas por D<sup>a</sup> Clara López Iglesias

- *Primeiro, tese: Dado que acadei a valoración máxima na miña tese de doutoramento, con mención cum laude, solicito que se revise a puntuación obtida.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, a tese será valorada cunha puntuación máxima de 20 puntos, e a puntuación obterase a partir da valoración recollida a tal efecto nos informes confidenciais emitidos polos membros do tribunal da tese. O cálculo deste apartado faise por parte da USC sumando a puntuación de todos os informes dividido entre o número de membros do tribunal que asistiron ao acto de defensa, e multiplicando esta media por 4.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que a valoración da tese ven dada.

---

- *Segundo, mérito 5: A puntuación obtida en relación ao capítulo do libro presentado coido que debería ser máis alta dado o prestixio da editorial e a estreita relación do capítulo coa miña tese, sendo unha parte importante da introdución desta.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

En referencia á valoración do mérito 5, a comisión, na reunión mantida o pasado 10 de xaneiro de 2023 estableceu, como criterios de valoración do apartado de “Libros e capítulos de libros”, que os capítulos de libro de recoñecido prestixio de ámbito internacional sería valorado con 8 puntos se a solicitante é a autora principal e 6 puntos se a autora vai en calquera outra posición.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que no caso do mérito presentado, a solicitante non figura nin como primeira autora nin como autora correspondente, polo que a puntuación recibida de 6 puntos é correcta.

## RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISORIAS DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO 2020/21

Alegacións presentadas por D<sup>a</sup>. Ana Mallo Abreu.

- *“La primera de las alegaciones se basa en la consideración de que se han aplicado erróneamente los criterios de valoración a una serie de méritos alegados por diferentes candidatos. En concreto, se han evaluado como revisión bibliográfica o revisiones de literatura como si fueran artículos originales de investigación.”*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Foron aplicados correctamente os criterios recollidos no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, e os criterios de avaliación da CNEAI publicados no BOE do 1 de xaneiro de 2022.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que a dita normativa escrita non exclúe como “artigos en revistas” nin as revisións nin as meta-análises.

---

*“La segunda de las alegaciones se basa en la consideración de que se ha aplicado arbitrariamente un criterio de evaluación. En concreto, se ha aplicado el factor de corrección por número de autores a una serie de méritos y a otros no cuando, comparativamente, debería aplicarse a todos o a ninguno”.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, “ás puntuacións individuais dos apartados 2.a, 2b, 2c e 2d, se lles poderá aplicar un factor de corrección segundo o número de autores total da contribución e a aportación concreta do/a doutorando/a:

< 11 autores: 1.00

de 11 a 20 autores: 0.75

de 21 a 40 autores: 0.5.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase parcialmente** xa que revisadas as puntuacións incluídas na alegación segunda, por se houberse algún erro, confírmanse as puntuacións do M1 de Dona Clara Domínguez Vivero (T1, primeira de 11 autores, factor de corrección aplicado 0.75 (15x0.75=11.25 puntos)) e o M4 de Dona Ana Mallo Abreu (T1, terceira de 11 autores, factor de corrección aplicado 0.75 (12x0.75=9 puntos)).

**Estímase parcialmente** xa que detectáronse os seguintes erros, que o tribunal emenda:

a) M2 de Dona Saskia Camille Flament Simon: segunda autora de 11 autores totais. Aplicaría factor de corrección 0.75. Aínda que aparece como segunda autora, especifícase textualmente no artigo que a súa contribución foi a mesma que a do primeiro autor, polo que se considera autora principal. Artigo do T1, autor principal, correspóndelle 11.25 puntos ( $15 \times 0.75 = 11.25$ ), polo que procede rectificar dita puntuación.

b) M4 de Dona Andrea Luaces Rodríguez: primeira autora de 11 autores totais. Aplicaría factor de corrección 0.75. Artigo de T1, autor principal, correspóndelle 11.25 puntos ( $15 \times 0.75 = 11.25$ ), polo que procede rectificar dita puntuación.

---

*“La tercera de las alegaciones se basa en la consideración de que se han aplicado erróneamente algunos criterios de valoración a una serie de méritos alegados por diferentes candidatos. En concreto, se han valorado aportaciones (artículos científicos) considerando que el candidato era primer autor, cuando no lo era y por lo tanto se les ha dado más valor del que debería corresponder”*

*Fundamento da valoración da comisión.*

En relación coa posición da autoría dos candidatos nos artigos científicos aportados como méritos, aplícase o mesmo fundamento que xa fora exposto para a alegación 2.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** coas seguintes consideracións respecto aos casos que a alegante menciona do a) ao o).

— Revisados os casos, aplicáronse correctamente a todos eles o criterio da relevancia na autoría.

— a) M2 de Dona Saskia Camille Flament Simon, aínda que figura como segunda autora, o artigo recolle explicitamente que as dúas primeiras autoras contribuíron igualmente. Polo tanto, aplicouse correctamente o criterio da relevancia na autoría.

— e) M5 de Dona Andrea Luaces Rodríguez, aínda que figura de terceira autora, o artigo recolle explicitamente que os cinco primeiros autores contribuíron igualmente. Polo tanto, aplicouse correctamente o criterio da relevancia na autoría.

— o) M2 de Don Adrián Cordido Eijo. Dona Ana Mallo asegura que o M2 de Don Adrián Cordido recibira unha puntuación de 15 puntos, cando a puntuación real foi de 12 puntos, que é correcta.

— M5 de Dona Ana Mallo Abreu: T1, cuarta autora de 12 autores totais. Puntuación acadada: 12 (T1, autora non principal)  $\times$  0.75 (de 11 a 20 autores) = 9 puntos, que é correcta.

---

*“La cuarta de las alegaciones se basa en la consideración de que se ha aplicado una valoración comparativamente diferente a los méritos por premios presentados por distintos candidatos, cuando deberían recibir una valoración similar o se les ha dado*

*una valoración comparativamente similar cuando debería haberse dado una valoración diferente.”*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, no apartado 3.f. Premios concedidos por entidades de recoñecido prestixio: Os premios Internacionais valoraranse ata 15 puntos e os premios nacionais valoraranse ata 10 puntos. En referencia á dita valoración, a comisión, na reunión mantida o pasado 10 de xaneiro de 2023 estableceu neste apartado a seguinte diferenciación:

- Premios internacionais (ata 15 puntos): 3 puntos (primeiro premio) ou 2 puntos (calquera outra categoría inferior).
- Premios nacionais (ata 10 puntos): 2 puntos (primeiro premio) ou 1 punto (calquera outra categoría inferior).”

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que , revisadas todas as puntuacións dos candidatos afectados pola alegación, todos eles foron correctamente puntuados de acordo cos criterios adoptados polo tribunal .

Dona Ana Mallo Abreu presentou como “Outro mérito 2” o premio ao mellor póster nunha reunión científica nacional, polo que a súa puntuación foi de 2.

---

*“La quinta de las alegaciones se basa en la consideración de que se ha aplicado erróneamente los criterios de valoración al mérito 4 alegado por la candidata Doña Antía Lestido Cardama. Dicho mérito consiste en la publicación de un libro y se han valorado el mérito con 10 puntos”.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, apartado 2.b. Libros e capítulos de libros, a comisión, na reunión mantida o pasado 10 de xaneiro de 2023 decidiu neste apartado outorgar aos autores de libro completo de ámbito internacional: 12 puntos se o solicitante fose o autor principal, ou 10 puntos se ocupase calquera outra posición na autoría.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que o tribunal comprobara no seu momento (tanto pola documentación aportada anexa á solicitude como por fontes directas), e agora ratifica, que a candidata aludida é autora dun libro completo (de ámbito internacional, con posición distinta á principal), e non só dun capítulo, polo que a puntuación deste mérito é correcta, correspondéndolle 10 puntos, e non a puntuación dun só capítulo como solicita Dona Ana Mallo.

## RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISORIAS DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO 2020/21

Alegacións presentadas por D. José Manuel Vázquez Lago

- *Primeira, M1 de produción científica: o tribunal outorgoulle 12 puntos. Segundo os criterios de baremación publicados nas bases desta convocatoria, para unha publicación no primeiro tercil (T1) será de entre 7 e 15 puntos, e en función dos criterios de calidade do artigo presentado, considero que reúne mérito suficiente para poder outorgárselle 15 puntos.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, apartado 2.a. Artigos en revistas, sobre as puntuacións asignadas, a comisión, na reunión mantida o 10 de xaneiro de 2023, acordou establecer a seguinte precisión:

- Publicacións T1: 15 puntos se o solicitante é o autor principal, ou 12 puntos para calquera outra posición.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que O solicitante figura como 4º de 9 autores, e tampouco é o autor correspondente, polo que a valoración de 12 puntos é correcta.

---

- *Segunda, M2 de produción científica: o tribunal outorgoulle 12 puntos. Segundo os criterios de baremación publicados nas bases desta convocatoria, para unha publicación no primeiro tercil (T1) será de entre 7 e 15 puntos, e en función dos criterios de calidade do artigo presentado, considero que reúne mérito suficiente para poder outorgárselle 15 puntos.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, apartado 2.a. Artigos en revistas, sobre as puntuacións asignadas, a comisión, na reunión mantida o 10 de xaneiro de 2023, acordou establecer a seguinte precisión:

- Publicacións T1: 15 puntos se o solicitante é o autor principal, ou 12 puntos para calquera outra posición.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que O solicitante figura como 5º de 6 autores, e tampouco é o autor correspondente, polo que a valoración de 12 puntos é correcta.

---

- *Terceira, M3 de produción científica: o tribunal outorgoulle 12 puntos. Segundo os criterios de baremación publicados nas bases desta convocatoria, para unha publicación no primeiro tercil (T1) será de entre 7 e 15 puntos, e en función dos criterios de calidade do artigo presentado, considero que reúne mérito suficiente para poder outorgárselle 15 puntos.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece no Anexo II: Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21, apartado 2.a. Artigos en revistas, sobre as puntuacións asignadas, a comisión, na reunión mantida o 10 de xaneiro de 2023, acordou establecer a seguinte precisión:

- Publicacións T1: 15 puntos se o solicitante é o autor principal, ou 12 puntos para calquera outra posición.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que O solicitante figura como 2º de 7 autores, e tampouco é o autor correspondente, polo que a valoración de 12 puntos é correcta.

---

- *Cuarta, M4 de produción científica: o tribunal outorgoulle 12 puntos. Segundo os criterios de baremación publicados nas bases desta convocatoria, para unha publicación no primeiro tercil (T1) será de entre 7 e 15 puntos, e en función dos criterios de calidade do artigo presentado, considero que reúne mérito suficiente para poder outorgárselle 15 puntos*

*Fundamento da valoración da comisión.*

En referencia á valoración do M4, tal e como se establece ao comezo do “Anexo II. Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21”, “a documentación a presentar correspóndese, exclusivamente, con aqueles méritos relacionados coa tese e obtidos desde o inicio dos estudos de doutoramento ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.

*”Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que O período de tese do candidato abrangue dende o 27 de febreiro de 2016 ata o 28 de maio de 2021, de acordo coa información aportada no seu expediente pola EDIUS. Non procede polo tanto valorar este mérito dado que a publicación é de outubro de 2015. La puntuación é de 0

---

- **Outras alegacións:** *chama poderosamente á atención que, sendo 15 puntos a máxima puntuación por mérito de produción científica, a persoa que ocupa o 6º posto da lista na área de ciencias da saúde, o seu mérito M1 fose puntuado con 20 puntos. Considero que se debería revisar a puntuación.*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Entre os méritos de produción científica, o “Anexo II. Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21”, o apartado “d. Patentes e rexistros de programas”, ten diferente puntuación que a de artigos en revistas. A comisión, na reunión mantida o pasado 10 de xaneiro de 2023, acordou aplicar para o apartado 2.d. patentes e rexistros de programas:

- En explotación con extensión internacional: 20 puntos.

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que é o caso do mérito debidamente acreditado pola persoa aludida, e a valoración de 20 puntos é correcta.

---

## RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISORIAS DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO 2020/21

Alegacións presentadas por D<sup>a</sup> Abi Judit Vázquez Ríos

*- Patentes e rexistros M4: quisiera alegar sobre el mérito 4 que fue contabilizado con 0 puntos cuando se trata de una patente transferida a una empresa que se encuentra en explotación con expansión internacional. En la solicitud de la patente se puede confirmar que aparezco como inventora de la patente, y en el acuerdo de transferencia (adjunto como anexo) se puede comprobar como la patente se encuentra en explotación internacional por la empresa DIVERSA Technologies. Se solicita que revisen este mérito al que se le ha imputado 0 puntos*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como figura no “Anexo II. Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21”, para o apartado “2.d. Patentes e rexistros de programas”, a comisión, na reunión mantida o pasado 10 de xaneiro de 2023, acordou aplicar para este apartado as seguintes puntuacións:

- i. En explotación con extensión internacional: 20 puntos.
- ii. En explotación con extensión nacional: 12 puntos.
- iii. Concedida pero no en explotación con extensión internacional: 8 puntos.
- vi. Concedida pero no en explotación con extensión nacional: 5 puntos.
- v. Admitida a trámite con extensión internacional (solo tipo B2): 3 puntos.
- vi. Admitida a trámite con extensión nacional (solo tipo B2): 2 puntos

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Procede estimala** xa que na solicitude inicial, a xustificación aportada para este mérito non se correspondía coa esixida nos criterios, e por iso non se puido valorar. Dado que nesta fase de trámite de alegacións é posible aportar documentación xustificativa dos méritos e, á vista do contrato de licenza con explotación internacional que se achega agora pola candidata, a comisión considera o mérito suficientemente xustificado. Polo tanto, a valoración deste mérito 4 de produción científica se corrixe de 0 a 20 puntos.

---

*- Patentes e rexistros M5: También el mérito 5 se trata de otra patente en el marco de mi tesis que está concedida y en fases nacionales, pero no en explotación (adjunto certificado). Se solicita que revisen este mérito al que se le ha imputado 0 puntos.”*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como figura no “Anexo II. Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21”, para o apartado “2.d. Patentes e rexistros de programas”, no caso das patentes, valorarase se están en explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza. De non ser o caso, só se valorarán se a concesión se levou a cabo con exame previo (tipo B2).

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Desestímase** xa que Neste caso, a propia solicitante xa especifica que a patente non está en explotación e, por outra banda, revisado o estado da mesma na páxina web Patenscope-Wipo, a tipificación que aparece é de A1 que non se admite como xustificación documental.

## RESPOSTA ÁS ALEGACIÓNS ÁS PUNTUACIÓNS PROVISORIAS DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE DOUTORAMENTO 2020/21

Alegacións presentadas por D<sup>a</sup> Celina Vila Sanjurjo

- *Mobilidades: Non se contabilizaron as miñas estadias de investigación recoñecidas pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento, tal e como se recolle no Anexo 1 da presente alegación e das que presento ademais xustificantes (Anexos 2-4). As miñas estancias superan en moito os tres meses obrigatorios para a Mención Internacional, tal e como se enumera a continuación:*

1. *Department of Plant Biochemistry and Biotechnology (Institut für Biochemie and Biotechnologie der Pflanzen). Westfälische Wihelms-Universität Münster (Alemaña). Periodo de estadía: 01/09/2009 - 20/12/2009 (3 meses e 19 días).*

2. *Center for Synthetic Biology. Donner Hall. University of California Berkeley (USA). Periodo de estadía: 01/08/2010 - 01/12/2010 (4 meses).*

3. *Department of Plant Biochemistry and Biotechnology (Institut für Biochemie and Biotechnologie der Pflanzen). Westfälische Wihelms-Universität Münster (Alemaña). Periodo de estadía: 01/10/2011- 10/04/2013 (17 meses e 10 días).*

*Fundamento da valoración da comisión.*

Tal e como se establece ao comezo do “Anexo II. Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21”,

“A documentación a presentar correspóndese, exclusivamente, con aqueles méritos relacionados coa tese e obtidos desde o inicio dos estudos de doutoramento ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.”

*Ditame da comisión sobre a alegación.*

**Procede estimala** xa que na solicitude inicial, o período de tese da candidata de acordo coa información aportada inicialmente no seu expediente pola EDIUS, era dende o 11 de novembro de 2015 ata o 30 de xuño de 2021, razón pola que non se puideron ter en conta estes períodos para a valoración de méritos.

Porén, durante o trámite de alegacións, a comisión ten recibida comunicación dende a EDIUS respecto do período de tese da solicitante, que é máis longo do que inicialmente figuraba, xa que comeza o 6 de outubro de 2008, polo que procede valorar os méritos presentados.

Tal e como se establece no “Anexo II. Criterios de valoración xerais e específicos de valoración para o Premio Extraordinario de Doutoramento 2020/21”, respecto do establecido no apartado 3.g. Mobilidades (exclúense os 3 meses mínimos necesarios para a obtención da mención internacional; nas teses en cotutela non se considerarán as estadias adicionais (máis dos 6 meses) realizadas nas universidades asinantes do convenio de cotutela: 1 punto/mes, ata un máximo de 10 puntos, a comisión na reunión mantida o pasado 17 de xaneiro de 2023 acordou que os períodos inferiores a 1 mes e que supoñan 15 días ou máis, serán valorados con 0,5 puntos.

De acordo co anterior e, excluindo os 3 meses necesarios para a obtención da mención internacional, os méritos de mobilidade acreditados de 19 días en 2009, 4 meses en 2010 e 17 meses de 2011 a 2013 dan un total de 21,5 puntos, que supera o máximo posible de 10 puntos neste apartado. Polo tanto, a puntuación inicialmente outorgada de 0 se corrixe a 10.